



# ESCOLA SAUDÁBEL, INTERNET SÓ POR CABLE

Ensino Libre da contaminación electromagnética



## PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES



### 1. Cales son as posturas oficiais?

A OMS e a Axencia Internacional para a Investigación sobre o Cancro (IARC) clasifica os campos electromagnéticos de radiofrecuencia como posibles canceríxenos – grupo 2B (*may 2011*). Esta clasificación aplícase a todos os aparatos sen fío que emiten radiación de microondas de radiofrecuencia. O Consello do Parlamento de Europa na Resolución 1815 aconsella ós estados tomar medidas urxente para reducir a exposición dos menores as radiacións de microondas e insta a prohibilos nos colexios. Cremos que isto é demasiado tarde e demasiado pouco. Necesitamos que os nenos asuman o papel de cobaias, en ausencia de aplicación do principio de precaución? É inmoral experimentar cos nenos. Recordar: Tabaco, amianto, DDT, ...

### 2. Que fan outros países?

Científicos independentes testificaron que os códigos e límites de seguridade están desfasados e non protexen ó público, especialmente ós nenos. O parlamento Europeo recomenda conexión con fío sempre que sexa posible para protexer ós nenos o mesmo que Israel e Rusia. Por exemplo a cidade de Herouville St. Clair en Francia cambio la WiFi de todos os colexios e edificios públicos por conexión por cable. Os colexios de Suíza empregan fío. Por que as nosas escolas non son máis seguras?

### 3. Que fai aparecer o principio de precaución?

Cando unha actividade implica ameazas potenciais para a saúde e o medio ambiente, as medidas de precaución deberían ser tomadas incluso se algunha das relacións entre causa e efecto non están totalmente establecidas cientificamente. Neste contexto os impulsores da actividade, máis que o público deberían ser os responsables.

**O PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN PON O PESO DA RESPONSABILIDADE NAS EMPRESAS PARA PROBAR QUE A TECNOLOXÍA SEN FÍOS É SEGURA, NON NOS PAIS, PROFESORES E PÚBLICO EN XERAL QUE ESTA É DAÑINA**

### 4. É o uso da WiFi máis seguro que o do móbil?

Non. Os puntos de acceso que emprega a WiFi emite unha sinal de baliza que está continuamente emitindo.

A radiofrecuencia que usa a WiFi é de 2,4 GHz (e 5 Ghz), o mesmo que un forno microondas. Bombardear os nenos, profesores e empregados a unha exposición constante durante todos os días da semana e ano tras ano é irresponsable, cando existe unha solución de conexión por cable seguro.



# ESCOLA SAUDÁBEL, INTERNET SÓ POR CABLE

Ensino Libre da contaminación electromagnética



## 5. A WiFi leva existindo durante anos. Por que non temos atopado problemas?

Pode levar de 20 a 30 anos para que os tumores e cancro se desenrolem. Os científicos indican un incremento mundial de xente con hipersensibilidade electromagnética (EHS) e estímase nun 15% a poboación que está afectada, e o número segue a incrementarse.

Nos países nórdicos o EHS está recoñecido así coma a súa sintomatoloxía. As persoas sofren síntomas tales como: dores de cabeza, taquicardias, mareos, dificultades para durmir, ruído nos oídos, dificultade respiratorias, malestar no peito, debilidade muscular, problemas gástricos, problemas visuais, alteracións na pel, problemas de concentración, perda de memoria a curto prazo e problemas neurolóxicos severos. Tense notado un deterioro na saúde dos xóvenes. Os marcadores indican na última década un incremento nos desordes de desenrolo da nenez, desordes neurolóxicos, disfunción do sistema inmune e cancro. Por sinalar un exemplo no Canadá, entre os anos 2006 e 2010 rexistráronse cerca do dobre de casos de medicación con ante-psicóticos en nenos de 6 a 17 anos. Están estes rapaces sendo mal diagnosticados?

## 6. Que din as compañías de seguros?

Compañías como Lloyd's de Londres rexeitaron asegurar a industria das telecomunicacións contra reclamacións relacionadas coa saúde en resposta a crecente evidencia científica dos riscos da exposición a tecnoloxía sen fíos. Os seguros austríacos tamén pararon a cobertura do seguro de responsabilidade por danos na saúde, despois de que estudos independentes mostraran os seus efectos. Por que non os están asegurando? Algúns analistas de seguros afirmaron que esta exposición podería ser o noso "novo amianto". O amianto estaba considerado totalmente seguro ; despois case destruíu a Lloyd's debido a o seu impacto na saúde que continúa ata hoxe en día.

## 7. Debería existir un procedemento de consentemento?

Os pais teñen o dereito legal e a obriga moral de reducir os riscos que os seus fillos soportarán. Os colexios non teñen dereito de decidir polos pais sen un informe de renuncia ou consentimento. Esta é unha observación seria, dada a continua e crecente evidencia científica dos riscos para a saúde dos efectos non-térmicos e biolóxicos da tecnoloxía sen cable a cal está sen control e a menudo a exposición é involuntaria.

## 8. Necesitamos a WiFi para preparar os nenos deste século?

Non. A ferramenta importante son os ordenadores e internet. WiFi é só unha comodidade que permite mover os portátiles sen ter unha conexión sen cable. En realidade, a meirande parte dos portátiles funciona enchufados a rede eléctrica, así que por que non ter un cable para internet tamén? Os cables soportan mais información, son mais rápidos, a conexión é segura, e non emiten radiación.

## 9. Que podemos facer?

Falar cos demais pais, profesores, responsables do colexio, médicos, e insistir que se debe tomar en conta o principio de precaución, reducir a exposición usando conexións mediante cables cando sexa posible. Demandar o dereito legal a estar protexido, insistindo nun informe de consentimento.